

Prescricións técnicas para a contratación dunha asistencia técnica para Deseño e organización do proceso participativo para a elaboración da EDLP-Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Seo de Fisterra Ría de Muros Noia no período de programación do FEMPA (2021-2027).

Xustificación.-

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia. Costa Sostible foi recoñecido como entidade colaboradora pola Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020, segundo o convenio de Colaboración asinado coa Consellería do Mar na data do 23 de febreiro de 2016. O programa mencionado remata o vindeiro 31 de decembro de 2022. Na data do 25 de maio publicase por parte da Consellería do Mar a Orde do 10 de maio de 2022 que establece as bases reguladoras para a selección de Estratexias de desenvolvemento local participativo (en diante EDLP) e Grupos de Acción local do sector pesqueiro (en diante Galp) no marco do período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, en Galicia.

Na mencionada Orde establécese a necesidade dun proceso de participación da comunidade no desenvolvemento da estratexia de desenvolvemento local real e demostrable, cunha participación activa da comunidade. Polo que considérase necesario este plan de animación a participación.

Obxecto da Asistencia Técnica.-

Deseño e organización proceso participativo para a elaboración da EDLP-Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do Galp Seo de Fisterra Ría de Muros Noia. Costa Sostible.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

Traballos a realizar:

O traballo consiste no deseño e na organización dun programa de animación social e de eventos que permita unha participación activa da comunidade de cara á redacción da EDLP. Este programa debe incluír:

- Difusión e comunicación do proceso de participación para a captación do interese cidadán e dos distintos colectivos sociais.
- Formatos de participación das distintas entidades do territorio, tanto do sector pesqueiro como doutros sectores.
- Acreditación documental do proceso de participación, incluíndo fotografías e programas dos distintos eventos de participación e difusión.

Contido das propostas.-

A oferta deberá incluír:

1. Proposta técnica. As propostas deberán incluír un plan de traballo no que recollan a metodoloxía para realización dos traballos indicados no obxecto de contrato así como un cronograma de execución dos mesmos.
2. Oferta económica con orzamento desagregado
3. Anexo III. Declaración responsable do licitador.

Prazo de execución.-

O prazo de execución para o obxecto da asistencia técnica será ata o 20 de setembro dende a súa adxudicación.

Criterios de adjudicación.-

O contrato adjudicarase a oferta máis vantaxosa economicamente, atendendo as seguintes puntuacións:

Criterios non valorables de forma automática.

Proposta técnica: 25 puntos.

Valorarase:

-A proposta de difusión do proceso participativo e a súa capacidade para atraer a participación da cidadanía e dos distintos colectivos sociais do territorio, prestando especial atención o sector pesqueiro (10 puntos).

-O programa de eventos de participación, atendendo aos seus formatos e dinámicas. Terase en conta a súa capacidade de xerar debate e captación de ideas e iniciativas (15 puntos).

Criterios valorables de forma automática.

75 puntos - á oferta máis económica e, proporcionalmente, as restantes seguindo a seguinte fórmula:

$$P_i = XX \frac{(OL - O_i)}{(OL - O_B)}$$

XX= Puntos do criterio

P₁= Puntuación da oferta (sen IVE)

OL=Orzamento de Licitación (sen IVE)

O_B = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)

O_i = Oferta a valorar (sen IVE)

Prazo de presentación das ofertas.-

O prazo para a presentación de ofertas é de dez días naturais dende a data de publicación destas prescricións no enderezo web <https://galp.xunta.gal/seo-fisterra-ria-muros-noia> e rematará o vindeiro dezasete de xuño .

As propostas presentaranse por correo electrónico o enderezo galp.mar.costasostible@xunta.gal

Prezo do contrato.-

O orzamento máximo de licitación é de **11.000,00 euros máis IVE** non aceptándose ningunha proposta por riba desta contía.

No prezo da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os traballos que corresponden ao desempeño do obxecto do contrato, en consecuencia os adxudicatarios non poderá esixir o pago de cantidade algunha por outros conceptos.

Obrigas do Adxudicatario.-

1. O adxudicatario queda obrigado a cumprir aos extremos a proposta presentada e valorada.
2. O adxudicatario levará a cabo o servizo con absoluta confidencialidade e coa debida dilixencia. A información, documentación e material entregado pola entidade contratante , ao que teña acceso terá como finalidade exclusiva o uso para o servizo contratado.
3. O adxudicatario recoñece expresamente que os datos de carácter persoal ou de empresa, aos que tivera acceso por razón da prestación obxecto do presente contrato, son exclusiva propiedade da entidade contratante, polo que non poderá aplicalos ou empregalos para un fin distinto.
4. O resultado do traballo realizado, na súa totalidade ou en calquera das súas fases, así como o deseño da imaxe corporativa ou calquera outro produto resultante serán propiedade do Galp Costa Sostible.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

5. Os dereitos e obrigacións do contrato resultante non poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro.

En Muros a 7 de xuño de 2022

Daniel Formoso Moledo
Presidente Galp Costa Sostible